

## Xornada de orientación – Agrupación O Ribeiro

8 de maio de 2024

### Instruccións xerais.

Unha vez chegedes ó campo de fútbol, os reponsables de cada grupo pedirán as tarxetas sportident xunto co listado de participantes, na secretaría do evento (tenda laranxa).

Repartiredes a cada alumno a tarxeta que lle corresponde según o listado entregado.

Importante recalcar que as cuiden, e as entreguen todas ó finalizar.

### Percorrido de Orientación.

CATEGORÍAS
2011-2012 MASC. 2011-2012 FEM.
2013 MASC. 2013 FEM.
2014 MASC. 2014 FEM.
2015 MASC. 2015 FEM.

A zona de saídas estára marcada con 8 filas (1 por categoría) e iremos dando saídas individuais cada minuto.

Terán que facer un percorrido por fora do campo, de diferente dificultade según a súa categoría, e todos rematan no laberinto que está no interior do campo.

Importante que ó rematar, se dirixan á tenda laranxa para descargar a tarxeta e ter os resultados.

### Xogos de Orientación.

Os responsables de cada grupo irán acompañando ós participantes de estación en estación.

<b>Grupo A</b>	Ribadavia do 2016	22 participantes
<b>Grupo B</b>	Ribadavia do 2017	25 participantes
<b>Grupo C</b>	Otero Novas-Quins-Carmen Garrido 2016 e 2017	22 participantes
<b>Grupo D</b>	Amencer-San Salvador-Virxe Guadalupe-Emilia Pardo Bazán 2016 e 2017	25 participantes

Os grupos irán rotando por cada un dos catro xogos que lle plantearemos.

O tempo por estación é de media hora aproximadamente.

### **1- Laberinto.**

Os participantes terán que atopar as balizas na mesma orde que se mostran no mapa, sen saltar nin pasar por debaixo das cintas.

Esta será a única proba con clasificación final.

### **2- Tira de debuxos.**

Distribuiremos sobre o terreo unha serie de 15 conos con debuxos, e os participantes terán que atopalos na orde que se mostra na tira de papel que lle entregamos, picando en cada un dos debuxos.

### **3- Memoria.**

Conos distribuídos no campo. Nun punto teremos unha cartulina con unha serie de debuxos/números que terán que ir memorizando e atopalos na orde que se indica.

### **4- Micro orientación**

Entregamos un pequeno mapa con diversos obxectos distribuídos no terreo. Os participantes terán que visitar cada obxecto na orde que marcamos no mapa.

En canto rematemos, será a entrega de medallas para todas as categorías.